



CEP IGREXA-VALADARES

Camiño Caseiro, s/n

36314 Vigo (Pontevedra)

Teléfono: 986467019 FAX: 986 467868

E-mail: ceip.igreja.valadares@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/>

CURSO 2011-2012

INFORMATIVA

CIRCULAR - 6

A tódolos pais do Colexio:

A través desta nota queremos informar a todos os pais /nais da situación pola que atravesamos neste intre o ensino público despois dos recortes feitos pola Consellería de educación.

Con ela queremos buscar a implicación de todos os membros da comunidade educativa ou cando menos, contar co apoio moral e a comprensión cara a algo que nos afecta a todos.

A Consellería o pasado día 30 de xuño saca un decreto pola que modifica o tempo de dedicación lectiva do profesorado (pasa de 21 a 25 horas semanais). Isto supón que esas 4 horas, que o profesorado viña dedicando a actividades coma a Biblioteca, proxectos educativos, programas de mellora etc, teñen que dedicalo a dar clases e polo tanto non queda tempo para ese tipo de actividades que tanto redundaban no alumnado.

Aparte son varios os centros educativos nos que se fai unha redución de persoal (non é o noso caso, por agora) o que fai que se eliminen grupos de apoio, reforzos etc.

Entendemos que nun momento de crise hai que controlar o gasto e polo tanto facer unha mellor xestión do persoal, pero o que non entendemos é que os cartos que se aforran acaben subvencionando o ensino concertado ou privado.

A educación é un dereito de todos e para todos, **NON UN PRIVILEXIO**. E a administración ten a obriga de garantir ese dereito nas mellores condicións posible. **NAS NOSAS MÁNS ESTÁ DEFENDELO**

Estes recortes son os que levaron a convocatoria de dúas folgas no mes de setembro.

Non é só un problema do profesorado xa que os grandes perxudicados son todos os usuarios do ensino público, un ensino público que perde calidade e volve a anos que xa criamos superados.

Polo tanto, en defensa do ENSINO PÚBLICO

“NON AOS RECORTES”

O CLAUSTRO DE PROFESORES